

**DECRETO NÚMERO: 12002451**

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.  
Lugo, vinte e oito de marzo de dous mil doce.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de marzo de dous mil doce, adoptou, entre outros, o acordo número 8/172 de APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DUN/DUNHA COORDINADOR/A DE ACCIÓNS FORMATIVAS E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL (SUBGRUPO C1) COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “LUGO EMPREGO ACTIVO 2”.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convoca-lo proceso selectivo para o nomeamento dun/dunha Coordinador/a de accións formativas e implementación de itinerarios de inserción laboral (Subgrupo C1) como funcionario/a interino/a para a execución do programa de carácter temporal “Lugo Emprego Activo 2”, de acordo coas seguintes bases:

**“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DUN/DUNHA COORDINADOR/A DE ACCIÓNS FORMATIVAS E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL (Subgrupo C1) COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “LUGO, EMPREGO ACTIVO 2”**

O nomeamento é como funcionario/a interino/a para traballar como Coordinador/a de Accións Formativas e Implementación de Itinerarios de Inserción Laboral e levar a cabo actividades de coordinación e implementación de itinerarios de inserción laboral no marco do proxecto “LUGO, EMPREGO ACTIVO 2”, xunto cos labores de documentación e tramitación de expedientes desa natureza, así como participar na realización de tarefas propias da súa condición de Coordinador/a de Accións Formativas e Implementación de Itinerarios de Inserción Laboral, co resto dos membros do equipo multidisciplinar encargado da execución do referido proxecto.

As funcións para desenvolver pola persoa seleccionada consistirán en:

- Control e supervisión das asistencias dos beneficiarios/as.

## PERSOAL

MLP/egp

Refº: 12drconvotCoordinadorAccionsFormativas.doc

Asunto: Convocatoria interinidades CoordinadorAccionsFormativas

- Control do cumprimento por parte das entidades adxudicatarias das obrigas contraídas en canto ó desenvolvemento das accións formativas e das instalacións.
- Atención ós diferentes conflitos que poidan xurdir no desenvolvemento dos cursos, intermediación neles e intentos de resolución en coordinación co equipo técnico do Concello responsable da execución do proxecto.
- Supervisión das prácticas dos/as beneficiarios/as do proxecto.
- Seguimento individualizado dos itinerarios formativos dos/as beneficiarios/as do proxecto, a través da necesaria orientación, axuda na busca activa de emprego e busca de recursos para a inserción laboral.
- Supervisión da inserción e colaboración na intermediación laboral dos/as beneficiarios/as do proxecto.

A data prevista para a finalización do devandito proxecto é o 2 de marzo de 2015. O traballo realizarase a tempo completo, en xornada de mañá e/ou tarde.

### 1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non-presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do título de bacharelato ou titulación superior ou equivalente.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

## PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 12drconvotCoordinadorAccionsFormativas.doc

Asunto: Convocatoria interinidades CoordinadorAccionsFormativas

- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

## 2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

## 3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse ó Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do/a solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo, o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia compulsada do DNI
- b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

## 4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dunha proba que versará sobre o coñecemento das seguintes materias:

- Itinerarios integrais de inserción laboral.
- O Servizo Público de Emprego e a rede Eures.
- Programas europeos de inserción sociolaboral.
- Programas de inserción laboral no Concello de Lugo.

Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuará de 0 a 10 puntos, e non superará esta quen non acade unha puntuación de polo menos 5 puntos.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo: 6 puntos.

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 12drconvotCoordinadorAccionsFormativas.doc

Asunto: Convocatoria interinidades CoordinadorAccionsFormativas

a) Experiencia profesional: por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas en proxectos de intermediación e inserción sociolaboral, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso. Non será valorada ningunha outra documentación que sexa achegada.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración, 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración, 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración, 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración, 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración, 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración, 1 punto
- De 101 ou máis horas de duración, 1,15 puntos

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega a persoa aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.”

**Segundo.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.